

I. DATOS XERAIS DA MATERIA

a) Nome oficial.	Planificación Financeira
b) Titulación.	ADE
c) Créditos	9 (Teóricos 6; Prácticos 3)
d) Curso.	Terceiro
e) Código da materia.	611211303
f) Tipo.	Obrigatoria
g) Impartición.	Anual
h) Departamento/s responsable/s.	Economía Financiera e Contabilidade
i) Profesor/a coordinador/responsable da docencia	Isabel Suárez Massa

Información por grupo (A;B)

1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

Isabel Suárez Massa

Profesora Titular de Universidade
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de CC.EE. e EE de A Coruña – Universidade da Coruña
Telf. 981 167 000 – ext. 2545
Email: iasmac@udc.es

Begoña Álvarez García

Profesora Interina
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de CC.EE. e EE de A Coruña – Universidade da Coruña
Telf. 981 167 000 – ext. 2560
Email: balvarez@udc.es

2) Lugar e horario de titorías

Isabel Suárez (Despacho 102 - Facultade de CC.EE. e EE.)

- Mércores: de 09.30 a 12.30.
- Xoves: de 09.30 a 12.30

Begoña Álvarez (Laboratorio 1 – Dpto. Ecomía Financeira e Contabilidade - Facultade de CC.EE. e EE.)

Luns: de 9:30 a 11:30, xoves de 11:30 a 13:30 e venres de 10:30 a 11:30 e 12:30 a 13:30.

3) E-mail

Isabel Suárez Massa

Email: iasmac@udc.es

Begoña Álvarez García

Email: balvarez@udc.es

4) Universidade Virtual

Materia ofertada na Universidade Virtual

5) Lingua na que se impartirá a docencia

Galego e Español

II. OBXECTIVOS DA MATERIA

1. Afondar no concepto, ámbito e problemas que ten que afrontar a Economía Financeira da Empresa.
2. Definir e localizar a Planificación Financeira no seo da Economía Financeira da Empresa.
3. Definir un Sistema de Planos: Plano Director, Plano Estratéxico, POA e Orzamentos.
4. Afondar na cuestión básica dos obxectivos empresariais: Determinación, indicadores, xestión orientada ao cumprimento de obxectivos, etc.
5. Trasladar ao alumno os conceptos básicos dentro da Planificación Financeira e a súa conexión co resto de funcións que se desenvolven na empresa.
6. Exposición dun sistema completo de Planificación Financeira.
7. Abordar o Control do Plano Financeiro tanto exante como expost.

III. METODOLOXÍA

- Uso de metodoloxías docentes alternativas á lección maxistral dirixidas a estimular o estudante no traballo individual e en grupo. As metodoloxías estarán orientadas a promover a adquisición de habilidades de autoaprendizaxe que

permita a comprensión profunda de coñecementos eludindo a simple memorización.

- Salientamos o uso da plataforma virtual da Universidade da Coruña (UCV) para trasladar información referida tanto aos contidos da materia (todos os temas -exposición teórica, exercicios prácticos, casos, resolucións, etc.- está a disposición dos matriculados na UCV) como a informacións de tipo xeral sobre a marcha de curso (avisos, datas relevantes, suxestións, etc.)
- Cumprirá recompilar información para valorar o éxito acadado polas metodoloxías implantadas na consecución dos obxectivos formulados. Isto permitirá a adaptación constante da metodoloxía aos trazos singulares de cada un dos estudantes matriculados na disciplina. Este sistema de implantación - valoración - corrección mellorará a eficiencia e a eficacia do método.

IV. AVALIACIÓN

- Durante o curso faranse probas obxectivas tipo test para avaliar en que medida os alumnos van realizando o proceso de aprendizaxe da materia.
- Proporanse casos para traballar individualmente e comentar en clase que poden influír na cualificación final.
- Farase un exame teórico-práctico no mes de Maio que será liberatorio.

V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS

1. A ECONOMÍA FINANCEIRA DA EMPRESA
2. A PLANIFICACIÓN FINANCEIRA DA EMPRESA
3. ESTADO DE CASH-FLOW PREVISIONAL
4. AS NECESIDADES DE CIRCULANTE
5. ORZAMENTO DE CAPITAL
6. ORZAMENTO DE TESOURERÍA
7. IMPLICACIÓN FINAIS DO PROCESO ORZAMENTARIO
8. CONTROL DO PLANO FINANCEIRO

VI. RECOMENDACIÓNS

A adscrición da materia ao programa de grupos departamentais de calidade representa un cambio de mentalidade respecto ao xeito de medir o contido da mesma. Ata agora, este medíase en horas de clase impartidas polo profesor (onde 10 horas representaban un crédito); porén, dende agora medirase polo esforzo realizado polo alumno (European Credit Transfer System ou créditos ECTS). Isto implica que o estudante debe realizar un determinado volume de traballo se desexa obter os créditos suficientes para superar a materia.

Trátase de que o estudante traballe máis persoalmente e interactúe co profesor dunha forma máis continua ca no sistema anterior, a vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea vén de dispor que o 30% da ensino presencial poida ser substituído polo mesmo volume de traballo dirixido aos estudantes, (por exemplo preparación e corrección de probas, seminarios, atención ao alumno, ...).

Consonte o anterior, os profesores desta materia decidimos que a marcha do curso académico 2004-2005 se rexa polas seguintes normas:

* Empregarase na medida do posible a redución do 30 % do número de horas de clase presencial no xeito que cada profesor estime máis oportuno. Parte desta redución será utilizada para realizar os controis comentados máis abaixo.

* Esixirase unha serie de traballos de carácter obrigatorio que los alumnos terán que realizar e entregar puntualmente nas datas sinaladas. Valorarase a presentación, redacción e utilización de ferramentas informáticas para a súa resolución. Os devanditos traballos poderán realizarse individual ou colectivamente, pero, en todo caso, presentaranse individualmente.

* Os traballos terán validez para todas as convocatorias do curso académico (xuño, setembro e febreiro), pero será necesario realizalos de novo si se repite curso.

* Os traballos terán un carácter práctico na meirande parte dos casos e resolveranse na clase a posteriori para resolver todas as dúbidas que o alumno puidese ter despois de entregalos .

* A avaliación do contido destes traballos realizarase a través de controis tipo “test” que versarán sobre un ou máis dos traballos realizados. Despois de entregados, os traballos corríxiranse en clase ou publicarase a súa resolución na web.

* As solucións dos controis tamén serán publicada para que cada alumno coñeza a puntuación obtida.

* A superación dos controis non implica liberación de materia respecto ao exame final. Preténdese con estas probas estimular o alumno a traballar arreo e premialo por isto.

* O conxunto de todos os controis que se efectúen no curso terá un valor máximo de 3 puntos. Noutra verbas, suporá o 30% da nota final, o 70% restante virá da nota obtida no exame final ou no seu caso da dos parciais liberatorios.

* Este sistema comeza a rexer para os alumnos do curso 04/05. Porén, recoméndase aos alumnos do curso anterior que pretenden liberar a materia na

convocatoria de febreiro que se sometan ao novo sistema desde o principio, ante a eventualidade de que non superen a materia nesa convocatoria.

* No caso de que a un estudante non lle interesase acollerse a esta metodoloxía, ten pleno dereito a se presentar ao exame final da materia (xuño, setembro, ...). Isto implicará a renuncia expresa a presentarse ás probas que puideren existir durante o curso.

VII. FONTES DE INFORMACIÓN

MANUAIS

Copeland, T.E.; Koller, T.; Murrin, J. (1995): *Valuation: Measuring and Managing the Value of Companies*, Wiley & Sons, New York, 2ª Ed.

Cuervo, A. (1994): *Análisis y Planificación Financiera de la Empresa*, Ed. Civitas, Madrid.

Faus, J. (1997): *Políticas y Decisiones Financieras. Finanzas Estructurales para Directivos*, Estudios y Ediciones IESE SL, Barcelona.

Fernández, P.(1999): *Valoración de Empresas*, Gestión 2000, Barcelona.

Garrido, S. (2003): *Dirección Estratégica*, McGraw Hill, Madrid.

Navas, J.E.; Guerras, L.A. (1996): *La Dirección Estratégica de la Empresa. Teoría y Aplicaciones*, Ed. Civitas, Madrid.

Pérez-Carballo, J.F. (1996): *Estrategia y Políticas Financieras*, Ed. ESIC, Madrid.

Pérez-Carballo, J.F. (1996): *Control de la Gestión Empresarial*, Ed. ESIC, Madrid.

Pérez-Carballo, J.F. (1998): *Compitiendo por Crear Valor*, Ed. ESIC, Madrid.

Rappaport, A. (1998): *La Creación de Valor para el Accionista. Una guía para inversores y directivos*, Ed. Deusto, Bilbao, 2ª Edición.

Ruiz, R.J.; Gil, A.M. (2000): *La Planificación Financiera de la Empresa*, Instituto Superior de Técnicas y Prácticas Bancarias, Madrid, ISBN 84-85748-95-6.

LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS

Fernández, P.(2000): *Creación de Valor para los Accionistas*, Gestión 2000, Madrid.

Mochón, F.; Rambla, A. (1999): *La Creación de Valor y las Grandes Empresas Españolas*, Ariel Sociedad Económica, Madrid.

MATERIAL COMPLEMENTARIO

Durante o curso 2003/2004, os contidos da disciplina estarán a disposición dos alumnos na plataforma UDC Virtual.

